

PRESENTACIÓN

*Con este volume de **Cátedra**, dá comezo unha nova andaina da nosa **Revista eumesa de estudos**. Quedan atrás os dez primeiros anos dunha publicación que a día de hoxe ninguén pode negarlle un lugar de interese dentro das revistas de investigación que se publican no noso país, no ámbito da historia local.*

Este novo exemplar recolle un índice alfabético de autores e dos traballos que ao longo desta primeira década de vida da revista, foron publicados nela. Tamén aporta como novidade un cambio na súa presenza estética tanto no seu exterior como no interior da mesma.

*Quero agradecer a todos os colaboradores e coordinadores de **Cátedra** este novo exemplar da revista, cargado como sempre dunha variedade de traballos dos distintos eidos do saber, que nos fan descubrir coa súa lectura novos aspectos sobre a nosa vila e comarca.*

Remato esta pequena presentación desexando ás persoas que participaron e colaboraron coa revista que os vindeiros dez anos sexan tan fructíferos como os primeiros.

Noraboa a todos

Belarmino Freire Bujía
Alcalde de Pontedeume